




Memoria de actividade 2023

Nodo Galego de Ciberseguridade
CIBER.gal

Xaneiro 2024



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE



01

Páx. 03

**Carta do Presidente
da Comisión de Seguimento do
Nodo CIBER.gal**

02

Páxs. 06 a 17

**Actividade do Nodo Galego de
Ciberseguridade CIBER.gal**


2.1. Colectivos e áreas de
traballo

2.2. Actividade desenvolvida no
marco de CIBER.gal

2.3. Resumo en cifras



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE



01

Carta do Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

Xaneiro de 2024

Axentes vinculados ao Ecosistema de Ciberseguridade do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal

Estimados e estimadas,

Preséntase neste documento a memoria de actividade do ano 2023 do Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal.

Grazas á colaboración de todos os axentes que forman parte do ecosistema de ciberseguridade construído arredor do Nodo CIBER.gal, este ano continuouse coa sensibilización, capacitación e formación de toda a sociedade de Galicia sobre as ameazas na contorna dixital e, o máis importante, dotala de boas prácticas e ferramentas para que se realice un uso seguro da tecnoloxía.

A cidadanía en xeral, as familias, os menores e os adolescentes, o público máis senior, os profesionais e directivos do tecido empresarial e a Administración Pública foron colectivos destinatarios e beneficiarios das iniciativas do Nodo CIBER.gal. Gustaríame destacar, ademais, a consecución de importantes fitos no 2023 que sen dúbida axudarán a impulsar o crecemento do sector da ciberseguridade en Galicia.


Ao longo do presente documento recóllense as iniciativas deseñadas e executadas no marco de CIBER.gal. Síntome especialmente orgulloso do éxito acadado, e especialmente agradecido pola implicación dos seus membros fundadores, plenamente comprometidos, e pola colaboración de todas as entidades, organizacións públicas e privadas que se foron adherindo a esta iniciativa e fan posible a execución das iniciativas do Nodo Galego de Ciberseguridade.



Julián Cerviño Iglesia

Presidente da Comisión de Seguimento do Nodo CIBER.gal

Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia



02

**Actividade do Nodo
Galego de
Ciberseguridade
CIBER.gal**

2.1. Colectivos e áreas de traballo

O Nodo CIBER.gal destina a súa actividade a tres colectivos destinatarios. Cada un deles, conta cun grupo de traballo específico que identifica as súas necesidades en materia de ciberseguridade e diseña e executa iniciativas que poidan darlles resposta. Os tres colectivos obxectivo son:



a **Cidadanía**



o **Tecido Empresarial**



a **Administración Pública**

Á súa vez, as actividades que o Nodo dinamiza, e que son deseñadas e executadas nos distintos grupos de traballo estrutúranse nas seguintes áreas de traballo:



Concienciación, capacitación e formación

Para asegurar que toda a sociedade galega sexa coñecedora da importancia da ciberseguridade no seu día a día e que empreguen a tecnoloxía de forma segura, seguindo boas prácticas



Difusión e colaboracións en iniciativas de referencia

Para dar a coñecer a actualidade no ámbito da ciberseguridade, informar de fitos, lanzamento de iniciativas, actividades de interese, etc. E ter presenza en iniciativas de referencia para visibilizar a labor de CIBER.gal



Fomento do talento

Para promover a xeración, atracción e retención de talento especializado, investigación e transferencia tecnolóxica. Fomentar a formación especializada en ciberseguridade en todos os niveis educativos



Facilitación de servizos de ciberseguridade

Para permitir aos axentes vinculados a disposición gratuíta de ferramentas e servizos que fortalezan as capacidades de ciberseguridade nas organizacións



Impulso á industria da ciberseguridade

Para promover e potenciar a innovación en ciberseguridade, facilitar e promover a implantación de produtos e servizos innovadores nas organizacións, e poñer en contacto a todos os axentes do ecosistema

2.2. Actividade desenvolvida

En liña cos colectivos obxectivo identificados, e estruturado en función das áreas de traballo comentadas no apartado anterior, expóñense a continuación as actividades realizadas ao longo do 2023 no marco do Nodo Galego de Ciberseguridade:

2.2.1. Área de concienciación e capacitación

Concienciación e capacitación

Para todos os colectivos



III Encontro Galego de Ciberseguridade

Novembro

Como iniciativa do **Nodo Galego de Ciberseguridade CIBER.gal** nace o **Encontro Galego de Ciberseguridade CIBER.gal** no ano 2021. Consolidouse como **reunión de referencia no sector da ciberseguridade en Galicia**, que na súa 3º edición acadou récords de participación, asistencia e actividades:



Administracións Públicas



III Encontro CIBER.gal: bloque de AAPP

Novembro

No bloque do **III Encontro** destinado á **Administración Pública** leváronse a cabo diversos relatorios e mesas redondas que abarcaron distintos temas de actualidade sobre **o camiño de Galicia cara a ciberseguridade**, as **iniciativas europeas** en temas de ciberseguridade e os **fondos Next Generation**, os **retos e as tendencias** da propia Administración en materias de ciberseguridade, a **seguridade da información** da cidadanía, así como a exposición de referencia sobre a nova creación da **Axencia Vasca de Ciberseguridade**.

Curso superior de Ciberseguridade

Xuño

No marco do **Nodo CIBER.gal**, e en colaboración coa **EGAP** e o **CCN**, a Amtega **deseñou e executou** unha **nova edición do Curso Superior en Ciberseguridade** no 2023, no que se ofertaron **70 prazas** e finalizou cunha valoración media de 4,57 sobre 5.

Curso superior de protección de datos

Setembro

No marco do **Nodo CIBER.gal**, e en colaboración coa **AEPD**, a Amtega **deseñou e executou** unha **nova edición do Curso Superior en Protección de datos** no 2023, no que se ofertaron **70 prazas** e finalizou cunha valoración media de 4,76 sobre 5.

Concienciación e capacitación (cont.)

Tecido empresarial



III Encontro CIBER.gal: bloque de empresas

Novembro

No bloque do **III Encontro** enfocado no **tecido empresarial**, realizáronse relatorios e paneis destinados a temas clave para o sector como a **ciberseguridade na nube**, a regulación dentro da **NIS2**, os **ciberataques** e as similitudes coa irrupción da **intelixencia artificial**, así como tamén a presentación da **oferta do CNTG** para a formación de profesionais en materia de ciberseguridade en Galicia.

Cidadanía



III Encontro CIBER.gal: bloque de cidadanía

Novembro

No bloque do **III Encontro** destinado á **ciudadanía** no seu conxunto, tratáronse temas tan relevantes como as **consecuencias do ciberacoso** na mocidade a través da **representación teatral da ESADG** e a entrevista á periodista **Esther Estévez**, fomentouse a **concienciación e capacitación dos mais novos** mediante relatorios prácticos realizados **por INCIBE e a Policía Nacional** e tamén se impulsou a **inclusión da muller en carreiras académicas e profesionales adicadas á ciberseguridade**.

Ademáis, contouse coa participación do **Conselleiro de Facenda e Administración Pública** que respondeu preguntas dalgúns escolares en directo.

III Encontro CIBER.gal: Concurso Ciberseguridade no cole!

Novembro

No bloque do **III Encontro CIBER.gal**, grazas á colaboración de **Telefónica** e ao apoio do **Nodo CIBER.gal** levouse a cabo a **3ª edición do concurso Ciberseguridade no cole!** co obxectivo de **fomentar a concienciación en materia de ciberseguridade entre os máis novos** e facilitar ferramentas para afrontar os riscos que trae consigo o emprego dos medios dixitais.

A **iniciativa bateu récords nesta edición**, alcanzando as seguintes cifras:



+6600

Escolares
participantes

+260

Equipos
entre primaria
e secundaria

III Encontro CIBER.gal: Conecta Senior

Novembro

No marco do **III Encontro**, **Telefónica** tamén colaborou na organización da iniciativa **Conecta Senior**, co obxectivo de **capacitar ao colectivo senior no emprego de medios dixitais de forma segura**, evitando así que se convertan en cibervítimas.

82 anos

Chegada a
población
senior de ata
os 82 anos.

Concienciación e capacitación (cont.)

Cidadanía



Campaña de sensibilización en ciberseguridade: #CiberEsther

Xaneiro - Decembro

O **Nodo CIBER.gal**, en **colaboración coa Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)** lanzou a iniciativa **#CiberEsther** a finais do 2022, unha **campaña de sensibilización e capacitación** sobre o uso seguro de novas tecnoloxías enmarcadas no programa **#DigochoEU**.

Só no ano 2023 publicáronse **máis de 40 vídeos** que superan os **4 millóns de visualizacións**, onde ademais se orixinou a palabra **"Cibercarracho"**, elixida **palabra do ano 2023**.

Campaña de sensibilización en ciberseguridade: Entrevistas na TVG

Xaneiro - Decembro

O **Nodo CIBER.gal**, en **colaboración coa Corporación de Radio e Televisión de Galicia (CRTVG)** realizou diversas **entrevistas e noticias** en programas da TVG co obxectivo de **concienciar e sensibilizar á cidadanía** sobre boas prácticas de ciberseguridade e alertar sobre novos métodos empregados pola ciberdelincuencia para conseguir unha menor incidencia de ataques na poboación.

No 2023 realizáronse **máis de 15 entrevistas e reportaxes** ligados ao sector da ciberseguridade en Galicia.

Posta en marcha do GT da Cidadanía

Novembro - Decembro

Dentro do **Nodo CIBER.gal**, cada un dos colectivos obxectivos conta cun grupo de traballo específico que identifica as súas necesidades e deseña e executa iniciativas que lle den resposta.

Neste sentido, **no ano 2023 ponse en marcha o Grupo de Traballo da Cidadanía, liderado polas catro Deputacións Provinciais, Amtega e INCIBE**. Ademais, conta coa **colaboración de 13 entidades adheridas** ao Nodo, grazas ás que se executan as iniciativas deseñadas.

Ata a data **realizáronse 4 actividades**, e **9 mantéñense planificadas** para o primeiro trimestre do 2024.

Iniciativas de concienciación e formación en ciberseguridade

Xaneiro - Decembro

No marco do **Nodo CIBER.gal**, a Amtega impulsou e promoveu iniciativas enfocadas á **concienciación e formación de mozos e mozas (Programa de iniciación segura á pegada dixital e ás RRSS e Programa "Tech Kids")**, impartíndose máis de 130 sesións para aproximadamente 3.900 alumnos; e para o **colectivo senior (O teu día a día en liña, con seguridade)** impartíndose en máis de 17 localidades diferentes.

Xornada "Ciberseguridade en Galicia: perspectiva e visión de futuro"

Xuño

O **Nodo CIBER.gal** organizou en Ourense a xornada de **"Ciberseguridade en Galicia: perspectiva e visión de futuro"**. O obxectivo foi achegar aos asistentes o **forte atractivo deste sector para fomentar a creación de talento especializado**, trasladar as **oportunidades reais** que supón especializarse neste eido e que puidesen coñecer de primeira man o **día a día dun profesional** adicado á materia.



2.2.2. Área de difusión e colaboracións en iniciativas de referencia

Difusión e colaboracións en iniciativas de referencia

Para todos os colectivos



Adhesión de novas entidades colaboradoras ao Nodo CIBER.gal

Xaneiro - Decembro

Desde a súa constitución, xerouse en torno a **CIBER.gal** un **robusto ecosistema** que aglutina a axentes de todos os ámbitos e sectores. Actualmente, este espazo de cooperación conta con **máis de 50 entidades**, enriquecendo así, dunha forma notoria, o **ecosistema galego de ciberseguridade**.



A adhesión de **novas entidades colaboradoras** ao Nodo **CIBER.gal**, e a súa consecuente incorporación ao ecosistema galego de ciberseguridade **é continua**. En 2023, **sumáronse ao espazo de colaboración** – ou están en proceso de formalizar a súa adhesión– as seguintes organizacións:



Difusión e colaboracións en iniciativas de referencia (cont.)

Para todos os colectivos



Deseño e creación do novo espazo web do Nodo CIBER.gal na web de ciberseguridadegalicia.gal

Este ano deseñouse e desenvolveuse un **novo espazo web do Nodo CIBER.gal** dentro da nova web de ciberseguridadegalicia.gal. Así, ponse a disposición da cidadanía e a sociedade no seu conxunto **información actualizada sobre actividades, recursos, formacións e demais novas** no ámbito da ciberseguridade vinculadas ao Nodo CIBER.gal.

Marzo

Informe do estado da ciberseguridade en Galicia (1º edición)

O **Nodo CIBER.gal**, en colaboración con **OSIMGA**, publicou en marzo de 2023 o **1º Informe sobre o estado da ciberseguridade en Galicia**.

Actualmente, atópase **en fase de elaboración a 2º edición** que se agarda sexa publicada nos próximos meses. Algúns dos datos destacables da primeira edición son:

Marzo

64%

Persoas

con competencias dixitais avanzadas

30%

Empresas

creen necesario contar con expertos en ciberseguridade

67%

Concellos

Non coñecen a obriga de comunicación por INES

O Nodo Galego de Ciberseguridade **CIBER.gal** resultou galardoado nos **premios Socinfo Dixital-Galicia TIC**, na categoría de "**Colaboración de Empresas TIC coa AAPP**", outorgados pola **Revista Sociedade da Información Dixital**.

Premios Socinfo Dixital

Este premio reconece "*a **labor esencial e ben feita** por parte dos **axentes e profesionais do sector** cun incentivo como é o outorgamento público de premios. O recoñecemento débese ao **gran traballo, esforzo, dedicación e profesionalidade** de todos os **empregados públicos e privados**, institucións públicas, asociacións do sector e profesionais que combateron a pandemia con **iniciativas, solucións, exemplaridade eficacia e traballo**".*

Abril

Colaboración coa Global Cybersecurity Alliance

No marco do Nodo **CIBER.gal** formalizouse a **colaboración coa Global Cybersecurity Alliance** para **impulsar o papel de Galicia no sector internacional** da ciberseguridade e explotar os beneficios que conleva para o ecosistema investigador da Ciberseguridade en Galicia.

Décembro

Publicación de novas

Ao longo de 2023, o novo espazo web do Nodo CIBER.gal **difundi**u e **puxo a disposición** dos usuarios interesados **máis de 40 novas** relacionadas coa ciberseguridade sobre **eventos, novas iniciativas e proxectos de interese e actualidade** relevante do sector, tanto a nivel autonómico como nacional e internacional.

Xaneiro - Decembro

Difusión e colaboracións en iniciativas de referencia (cont.)

Para todos os colectivos



Participación na Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias

Novembro

A Amtega, no marco do **Nodo CIBER.gal**, participou na **Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias (SEDEXPO)** presentando e difundindo as accións e iniciativas realizadas desde o Nodo dispoñendo dun stand expositivo.

Tecido empresarial



Participación no evento aniversario de TEGRA

Maio

A Amtega, en representación do Nodo CIBER.gal participou no **evento aniversario de TEGRA** mediante a **exposición dun relatorio sobre as iniciativas públicas actuais** no eido da ciberseguridade en Galicia.

Participación no IV Foro Rexional ISMS Forum Galicia

Abril

En representación do Nodo, a Amtega participou na **inauguración do IV Foro Rexional ISMS Forum Galicia**, no cal destacaron os principais retos e desafíos da **Intelixencia Artificial na ciberseguridade**.

Nova Estratexia Galega de Ciberseguridade

Xaneiro – Decembro

Unha iniciativa de referencia na que traballou a Amtega en 2023 foi o desenvolvemento da **nova Estratexia Galega de Ciberseguridade**.

Así, no contexto do Nodo CIBER.gal a Amtega brindou a **oportunidade de participar a todo o ecosistema colaborador do Nodo** para aportar o seu enfoque, visión e opinión sobre o borrador da Estratexia.

Cidadanía



Participación na Xornada de Ciberseguridade Xudicial organizada por ABANCA

Outubro

O Nodo CIBER.gal, a través da Amtega, participou na **Xornada de Ciberseguridade Xudicial** organizada por **ABANCA** a través **dun relatorio sobre a potenciación da ciberseguridade** en Galicia nos últimos anos.

Participación no evento TiSEC da Revista SIC

Marzo

En representación do Nodo CIBER.gal, a Amtega participou no **evento TiSEC organizado pola revista SIC**, no cal expuxo un **relatorio con base na centralización da xestión da ciberseguridade a escala autonómica** e o papel dos **MSSP**.

2.2.3. Área de fomento do talento

Fomento do talento

Para todos os colectivos



Colaboración no deseño e lanzamento dos cursos e certificacións do CNTG en materia de ciberseguridade

Setembro

No marco do Nodo e en colaboración co **Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia**, impulsouse o **deseño e lanzamento** de importantes **cursos formativos** e **certificacións en ciberseguridade** de primeiro nivel, todos eles gratuítos para as persoas que desexen inscribirse.

Cidadanía



III Encontro CIBER.gal: Espazos técnicos de exposición

Novembro

No marco do **III Encontro CIBER.gal**, desenvóléronse os **espazos técnicos de exposición**, onde **estudantes e profesionais** do sector puideron **presentar e expoñer os seus proxectos relacionados coa ciberseguridade**. O obxectivo de estos espazos é o **de fomentar e dar visibilidade ao talento** e difundir e dar **impulso ás iniciativas que nacen no ámbito académico** de Galicia.

III Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Instalación e configuración de Snort sobre raspberry pi para a detección de intrusións en redes industriais"

Novembro

No marco do **III Encontro CIBER.gal** e en colaboración co **CIFP Politécnico de Santiago** organizouse e difundíuse o **obradoiro práctico** sobre **instalación e configuración de Snort sobre raspberry pi para a detección de intrusións en redes industriais**, partindo dunha pequena rede industrial composta por un switch SCALANCE XC2008 de Siemens, un PLC S7-1200 e una raspberry pi que se conectou a un porto de switch configurado en espello.

III Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Escalada de privilexios e persistencia en sistemas Linux"

Novembro

No marco do **III Encontro CIBER.gal** e en colaboración co **IES San Clemente** organizouse e difundíuse o **obradoiro práctico** sobre **as técnicas de elevación de privilexios e persistencia en sistemas Linux** recollidas na matriz MITRE ATT&CK, tomando como punto de partida un equipo Linux, e métodos de enumeración para atopar diversas vías de elevación de privilexios posteriormente explotalas e así coñecer estas técnicas empregadas polos contrincantes.

III Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Automatización de ataques e emulación de adversarios con MITRE Caldera"

Novembro

No marco do **III Encontro CIBER.gal** e en colaboración co **CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro** organizouse e difundíuse o **obradoiro práctico** sobre **MITRE Cladera**, unha plataforma de código aberto deseñada para emular contrincantes e automatizar ataques e probas de seguridade.

III Encontro CIBER.gal: Obradoiro "Adquisición de evidencias para análise forense informático"

Novembro

No marco do **III Encontro CIBER.gal** e en colaboración co **CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro** organizouse e difundíuse o obradoiro **práctico** sobre como **adquirir certas evidencias forenses de distintos dispositivos** (PCs, móbiles, etc.) empregando ferramentas gratuítas, tanto hardware (clonadoras e bloqueadores de escritura) como software (Caine, adb, WhatsApp Key/DB Extractor, Avilla Forensics, etc.).

Fomento do talento (cont.)

Cidadanía



III Encontro CIBER.gal: Capture the Flag

Novembro

No marco do **III Encontro**, o Nodo CIBER.gal apoiou a **Gradiant** na **organización e difusión** do **concurso Capture The Flag**, onde os participantes se enfrontaron a unha serie de retos en diferentes campos da ciberseguridade baseados nunha **contorna real onde poder demostrar as súas habilidades e destrezas** para resolvelos. A actividade xa na súa **3º edición** está consagrada e ligada ao Encontro, cunha asistencia estable e continuada.

Colaboración e participación nas JNIC 23

Xuño

A Amtega, no **marco de actuación do Nodo CIBER.gal**, colaborou como **patrocinador** nas **VIII Xornadas Nacionais de Investigación en Ciberseguridade**, organizadas polo **Centro de Investigación atlantTIC** e o **Centro Tecnolóxico Gradiant** -ambos membros colaboradores do Nodo CIBER.gal- en **colaboración co Instituto Nacional de Ciberseguridade** (INCIBE) -membro fundador do mesmo Nodo-.

Programa #Include da Fundación GoodJob

Marzo e Setembro

O Nodo **CIBER.gal** mantén un **acordo de colaboración** coa **Fundación GoodJob** no marco do **Programa #Include**.

Así, una vez máis, este ano **colaborou nas dúas edicións do Programa Include** participando nas **xornadas iniciais mediante relatorios sobre ciberseguridade**.

O obxectivo do programa é **favorecer a inclusión laboral de persoas con discapacidade** no ámbito da ciberseguridade.

Cursos de especialización

Xaneiro - Decembro

No marco do **Nodo CIBER.gal** e grazas á colaboración coa **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, a Amtega promoveu o **incremento da oferta dos Cursos de Especialización en Ciberseguridade** en ámbitos das tecnoloxías da operación e a información.

2º Xornada "Somos Cibernéticas"

Abril

No marco do Nodo CIBER.gal, a Amtega organizou a 2ª edición da xornada **"Somos cibernéticas"**, adicadas a **inspirar, motivar e informar**, principalmente a alumnas de bacharelato, que valoren a posibilidade de **continuar os seus estudos en carreiras técnicas**, entre as que se atopan a profesionalización na ciberseguridade.

2.2.4. Área de facilitación de servizos de ciberseguridade

Facilitación de servizos de ciberseguridade

Administracións públicas



Servizos de ciberseguridade a entidades locais

Xaneiro - Decembro

En liña cos obxectivos do Nodo CIBER.gal, a Amtega ten en marcha un proxecto de **servizos específicos para as administracións locais e provinciais de Galicia**. Ao longo de 2023, desenvóléronse as seguintes accións:

Fomento do uso de ferramentas do CCN

- A instancia de LUCIA da Amtega emprégase por 10 concellos e 3 deputacións
- Impulso do uso da ferramenta microCLAUDIA e ofrecemento de monitorización 24x7 a 4 deputacións e 14 concellos
- Emprego do servizo Trillion, de información sobre credenciais roubadas en 4 deputacións e 22 concellos

Monitorización da superficie de exposición

- 118 direccións IP e 58 dominios, xerando máis de 650 informes para 3 deputacións e 14 concellos

SIEM e monitorización 24x7

- Máis de 260.000.000 de eventos recibidos ao día con 575 fontes novas integradas en 2023

Visibilidade do estado de ciberseguridade

- Máis de 3.500 direccións IP e 500 dominios supervisados en 4 deputacións e 16 concellos

Ciberexercicios

- Leváronse a cabo dous Ciberexercicios con participación activa de persoal da Administración Local

Charlas de concienciación en ciberseguridade

- 32 charlas a máis de 740 usuarios das AAPP

Vixilancia Dixital

- 25 dominios e 149 direccións IP con 504 incidentes detectados para 3 deputacións e 8 concellos, reportándose un total de 580 posibles brechas de seguridade

Colaboración en resposta a incidentes 24x7

- Especialmente nun grave incidente de ciberseguridade nun concello. E ademais, actualmente dispoñible para 4 deputacións e 23 concellos

Pílulas de concienciación

- Que chegan a 12.000 usuarios de 17 concellos e 4 deputacións

Auditorías técnicas

- 58 auditorías realizadas en 3 deputacións e 5 concellos

Deste xeito, conséguese **colaborar e prestar servizo** a case a totalidade dos **concellos galegos** de máis de 20.000 habitantes.

2.2.5. Área de impulso á industria da ciberseguridade

Impulso á industria da ciberseguridade

Para todos os colectivos



Centro de Innovación e Competencia en Ciberseguridade

Decembro

A Comunidade Autónoma de **Galicia**, a través da Amtega e no marco do Nodo CIBER.gal, presentou xunto coas Comunidades Autónomas de **Cataluña e Valencia** un proxecto denominado “**Centro de Innovación e Competencia en Ciencias da saúde, transporte intelixente, industria conectada e excelencia operativa**” no marco do Programa **RETECH**, ámbito **ciberseguridade**. No marco deste proxecto preténdese desenvolver un Centro de Innovación e Competencia no eido da Ciberseguridade, de ámbito transrexional, para **impulsar a cohesión do ecosistema de ciberseguridade e fomentar a innovación** para dar resposta aos retos de ciberseguridade actuais e futuros.

Así, liderado por Galicia, ponse en marcha un **Centro de Innovación e Competencia no eido do transporte intelixente** que realizará a través dos seus laboratorios, proxectos e iniciativas servizos de interese para a cidadanía e as empresas.

Como fito destacable, en decembro de 2023 **firmouse o convenio** entre as Comunidades Autónomas de Galicia, Cataluña e Valencia con INCIBE para formalizar o acordo do proxecto.

Igualmente, en decembro de 2023 tamén se **formalizou o contrato de obra** do **Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia (CECIGA)**, que terá a súa sede no Concello de **San Cibrao das Viñas** en Ourense, e albergará **espazos específicos para os diferentes laboratorios e centros demostradores** do proxecto RETECH co obxectivo de **dar servizo ás empresas e á sociedade** en materia de ciberseguridade

2.3. Resumo en cifras

+30

Actividades
desenvolvidas no
marco do
Nodo CIBER.gal

+6600

Escolares
participantes no
concurso
"Ciberseguridade
no cole!"

+10

Cursos
de formación en
ciberseguridade

+10

Actividades
no marco dos
grupos de traballo

+50

Entidades
vinculadas ao
ecosistema do
Nodo CIBER.gal

+8

Participacións
en eventos de
referencia en
ciberseguridade

+4M

Visualizacións
Dos videos de
#CiberEsther

+3000

Inscritos
ao III Encontro
CIBER.gal

+2000


Asistentes
ao III Encontro
CIBER.gal

+45

Entidades
Participantes do
III Encontro
CIBER.gal

+40

Novas
publicadas no
espazo web do
Nodo CIBER.gal



ciber.gal
NODO GALEGO DE
CIBERSEGURIDADE